

OS SOCIALISTAS DE RÁBADA ORGANIZAN UN DEBATE ABERTO Á CIDADANÍA ENTRE OS ALCALDABLES DO MUNICIPIO

O debate terá lugar mañá mércores, 20 de maio, ás 20:00 horas no Centro Social de Rábade coa participación dos catro candidatos

A intención dos socialistas é crear un debate aberto á cidadanía para que os asistentes poidan realizar as cuestións de actualidade e de interese que máis preocupan á poboación de Rábade

Rábade, 19 de maio de 2015 .- O candidato socialista á alcaldía de Rábade – Miguel Vilar- organizou a celebración dun debate a catro bandas cos alcaldables dos demais partidos con representación municipal: Independentes por Rábade, PP e BNG. Este evento terá lugar mañá mércores, 20 de maio, ás 20:00 horas no Centro Social do municipio.

A intención dos socialistas é crear un debate aberto á cidadanía para que os asistentes poidan realizar as cuestións de actualidade e de interese que máis preocupan á poboación de Rábade. A organización do debate responde ao propósito de promover a participación cidadá incluída no programa do PSOE, co obxectivo de garantir un goberno transparente e sen nada que agochar.

O candidato socialista promoveu este debate aberto, moderado polo periodista Fidel Fernán, e convida a todos os veciños e veciñas de Rábade a que se acheguen mañá ao centro social para que coñezan de primeira man os proxectos de futuro que presentan das diferentes formacións políticas que concorren aos comicios do 24 de maio.

Dinámica do debate

No desenvolvemento do debate todos os candidatos deberán responder ás mesmas preguntas realizadas polo público asistente cun tempo de resposta de 1 minuto e medio e cun orde de intervención rotatorio. En principio, haberá un límite de 15 preguntas, para evitar que o debate se alongue máis de hora e media, aínda que haberá catro cuestións de reserva no caso de que o moderador decida que unha pregunta xa foi respondada ou non cumpre as condicións do debate.

A batería de preguntas será elixida por sorteo entre os números asignados ás persoas que queiran realizalas e no caso de que unha persoa desexe facer máis de unha lle será entregado outro número de pregunta nunha segunda quenda de peticións para garantir a participación da maioría.

